

7 A vida na Prehistoria

1 A orixe da humanidade


1.1 A Prehistoria

A Historia é a ciencia que estuda o pasado da humanidade. Divídese en dúas grandes etapas separadas pola invención da escritura: a Prehistoria, e a Historia, propiamente dita.

A Prehistoria comprende o período de tempo transcorrido entre a aparición do ser humano, hai uns 4,4 millóns de anos, e a invención da escritura, cara ao 3250 a.C.

Este amplísimo período de tempo adoita dividirse en tres etapas: o **Paleolítico**, o **Neolítico** e a **Idade dos Metais**. En cada unha destas etapas, os seres humanos utilizaron distintos materiais (pedra ou metal) para fabricar os seus utensilios.

► A historia universal.



1.2 O proceso de hominización

O ser humano actual é o resultado dun longo proceso de evolución que comezou en África hai entre 5 e 8 millóns de anos.

Este proceso diferenciou os homínidos (ser humano actual e os seus antepasados), dos simios (o gorila e o chimpancé). Os homínidos diferencianse dos simios nos trazos seguintes:

- O bipedismo e a **posición ergueita**. Permitíronlles **usar** as mans para fabricar instrumentos.
- O **polgar** separado na man. Fixo posible suxeitar máis doadamente os obxectos.
- O aumento do tamaño do **cerebro**. Incrementou a súa intelixencia e permitiulles pensar e falar.


Os primeiros homínidos, pertencentes quizais aos xéneros *Ardipithecus* ou *Australopithecus*, viviron en África e parecíanse aos simios.

Os posteriores, do xénero *Homo*, **considéranse xa propiamente humanos polo seu aspecto e pola súa capacidade para fabricar instrumentos.**

► Mans de seres humanos traballando con pedras.



► Cranio e cerebro de gorila e humano actuais.



Tarefas para progresar

▼ Comprender a realidade histórica

1 Que estuda a Historia?

.....

2 Calcula, aproximadamente, o tempo que durou a Prehistoria.

.....

3 Escribe o nome das tres etapas da Prehistoria.

.....

.....

4 Reflexiona antes de contestar: en que etapas da Prehistoria se fabricaron utensilios de pedra?

.....

▼ Interpretar a linguaxe da imaxe

5 Observa o eixe cronolóxico: que feito separa a Prehistoria da Historia propiamente dita?

.....

6 A imaxe inferior reflicte unha diferenza entre homínidos e simios.

– Cal é?

– Cales foron as súas consecuencias?

.....



7 Explica outras diferenzas entre os homínidos e os simios. Axúdate das imaxes da páxina anterior.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

▼ Relacionar informacións


8 Relaciona os seguintes termos cun xénero dos homínidos: a) fabricaban instrumentos; b) parecíanse aos simios; c) aspecto humano; d) viviron en África.

.....

.....

▼ Organizar a información

9 Completa este esquema de chaves:



10 Completa estas frases:

a) O ser humano actual é o resultado dun longo proceso de, que comezou en hai entre e millóns de anos.

b) Os homínidos diferéncianse dos simios nos seguintes trazos: o, o e o aumento do


2 O Paleolítico

2.1 As formas de vida

O Paleolítico abrangue o período de tempo comprendido dende a aparición do xénero *Homo*, hai uns 2,4 millóns de anos, ata o descubrimento da agricultura e da gandería, no ano 10000 a.C.

Durante esta etapa, a alimentación dos seres humanos baseouse na recolección de froitos, na pesca e na caza de animais. Era, polo tanto, unha **economía depredadora**, xa que os seres humanos non repoñían os recursos que tomaban da natureza.

► Recreación pictórica de diversos aspectos da vida cotiá na Prehistoria.



Os instrumentos fabricábanse, principalmente, en **pedra**. Esta tallábase golpeándoa con outra pedra para fabricar machados ou bifaces, puntas de frecha e coitelos.

O **lume** foi un dos principais descubrimentos da época, posto que permitiu obter luz e calor, defenderse dos animais salvaxes e cociñar os alimentos.

2.2 A sociedade e a arte

A sociedade paleolítica estaba formada por tribos dunhas 20 a 30 persoas. Estes grupos humanos desprazábanse dun lugar a outro en busca de froitos ou animais para cazar. Por iso, dicimos que eran nómades.

Nos seus desprazamentos, habitaban en covas naturais, en chozas construídas con troncos e ramas, ou en tendas fabricadas con peles de animais.

As primeiras manifestacións artísticas da humanidade producíronse neste período. As máis coñecidas son pinturas rupestres, realizadas sobre as paredes e os teitos rochosos das covas, e figuras femininas, que reciben o nome de Venus.

► Pinturas policromadas da sala dos bisontes da cova de Altamira.



Tarefas para progresar

▼ Relacionar informacións

11 Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F), e corrixe estas últimas.

a) No Paleolítico inventaron a agricultura e a gandería. ☐

b) A economía do Paleolítico era unha economía depredadora. ☐

c) O descubrimento do lume permitiu fabricar machados ou bifaces. ☐

d) As tribos paleolíticas habitaban en covas naturais. ☐

e) As pinturas rupestres máis coñecidas reciben o nome de Venus. ☐

▼ Comprender a realidade histórica

12 Calcula o tempo que durou o Paleolítico.

.....
.....

13 Contesta brevemente estas preguntas:

a) De que se alimentaban os seres humanos neste período?

.....

b) Para que se utilizaba o lume?

.....

.....

.....

c) Onde habitaban as tribos?

.....

.....

d) Que son as pinturas rupestres?

.....

.....

▼ Interpretar a linguaxe da imaxe


14 Baseándote nestas dúas imaxes, explica coas túas propias palabras como se fabricaba un machado ou biface.



.....
.....
.....

▼ Obter información

15 Observa esta imaxe e escribe as características máis relevantes dunha Venus do Paleolítico.



▼ Organizar a información

16 Completa este cadro-resumo.

ALIMENTACIÓN	LUGARES ONDE HABITAN
INSTRUMENTOS	ARTE

3 O Neolítico

3.1 As formas de vida

O Neolítico empezou cara ao 10000 a.C., co inicio da **agricultura** e da **gandería**, e finalizou cara ao 4500 a.C., co comezo do traballo do metal. Xurdiu no chamado Crecente Fértil, unha rexión que se estende dende os ríos Tigre e Éufrates ata o Nilo.

Neste período, a busca de novas formas de alimentación conduciu ao xurdimento da **agricultura** e da **gandería**. Con iso, a economía pasou a ser produtora.

Estas actividades proporcionaron cereais, como trigo e arroz, e liño e la para os vestidos.

Os instrumentos seguiron sendo na súa maioría de pedra, aínda que agora se pulían. Tamén se inventaron **novos útiles**, como aixadas para cavar, foches para segar, muíños de man para machucar o gran e **cerámicas** para cociñar e gardar os alimentos.

3.2 A sociedade e a arte

Co descubrimento da agricultura e da gandería, a vida dos seres humanos fíxose sedentaria, xa que as persoas debían permanecer xunto aos seus campos de cultivo e os seus gandos.

Así xurdiron **aldeas e poboados**, formados, primeiro, por cabanas de canas, ramas e barro, e, despois, por casas de pedra ou adobe.

Ao medrar o número de alimentos dispoñibles, **aumentou a poboación**. Ademais, produciuse unha **especialización no traballo**; é dicir, cada membro do grupo púidose dedicar a unha profesión: agricultor, gandeiro, ceramista, tecedor, etc. Todo iso fixo que mellorasen as condicións de vida. Pero tamén aumentaron as **desigualdades sociais** entre as persoas.

A manifestación artística principal foi a **cerámica**, decorada con formas moi variadas.




► Machado de pedra pulida.



► Sobre estas liñas, muíño de man en pedra.

► Abaixo, recreación do poboado neolítico de Karanovo, Bulgaria.



Tarefas para progresar

▼ Comprender a realidade histórica

17 Calcula o tempo que durou o Neolítico.

.....

18 Responde con brevidade estas preguntas:

a) Onde xurdiu o Neolítico?

.....

.....

.....

b) Que novos produtos proporcionaron a agricultura e a gandería?

.....

.....

▼ Relacionar informacións

19 Para que se usaban estes útiles?



.....



.....

20 Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F), e corrixe estas últimas.

a) Co Neolítico, a agricultura pasou a ser produtora. ☐

b) Coa agricultura, a vida dos seres humanos fíxose nómade. ☐

c) Neste período diminuíu o número de alimentos dispoñibles. ☐

▼ Producir textos

21 A partir da ilustración da páxina anterior, explica como era un poboado neolítico e que actividades realizaban os seus habitantes.

.....

.....

.....

.....

.....

▼ Organizar a información

22 Completa este cadro-resumo sobre o Neolítico:

CRONOLOXÍA	ECONOMÍA	NOVOS INSTRUMENTOS

23 Completa estas frases:

No Neolítico, a vida dos seres humanos fíxose Así xurdiron e

Ao medrar os alimentos dispoñibles, aumentou a, melloraron as condicións de vida, e produciuse unha

Tamén aumentaron as

4 A Idade dos Metais

4.1 As formas de vida

A Idade dos Metais iniciouse cara ao 4500 a.C. co descubrimento da **metalurxia** ou técnica de traballo dos metais, e prolongouse ata o 1000 a.C.

A metalurxia do **cobre** foi a primeira técnica metalúrxica coñecida. Con este metal fabricáronse, sobre todo, obxectos de adorno, debido á súa escasa dureza. A busca de metais máis resistentes levou, primeiro, ao descubrimento do **bronze** -unha aliaxe de cobre e estaño- e, finalmente, ao uso do **ferro**.

Estes dous últimos metais posibilitaban fabricar unha gran variedade de instrumentos, como útiles agrícolas (aixadas, machados e foches), armas de guerra (espadas, puñais, machados, lanzas e escudos) e utensilios domésticos (vasos, xerras e cuncas).

Outros inventos da época foron o **arado**, que permitiu remover mellor a terra; a **roda**, que conduciu á invención do carro e do torno de oleiro, e a **vela**, que mellorou a navegación.

4.2 A arquitectura megalítica

Neste período xurdiron as primeiras manifestacións arquitectónicas da historia. Coñécense como monumentos megalíticos, por estaren realizados con megálitos ou grandes pedras.

Os megálitos tiveron formas moi variadas:

- O menhir é unha gran pedra cravada verticalmente no chan, cuxa función exacta se descoñece. Ás veces, os menhires dispuxéronse en fileiras, formando aliñamentos.
- O crómlech está formado por varios menhires colocados en círculo, e puido usarse como santuario.
- O dolmen é unha cámara aberta, constituída por grandes pedras verticais cubertas por outras horizontais; usouse como enterramento colectivo.

Nalgúns dolmens existe un longo corredor que dá acceso á cámara; por iso se coñecen como **sepulcros de corredor**.



► Recreación dos traballos da metalurxia antiga.



► Machado antigo de bronze.



► Abaixo á esquerda, dolmen de Axeitos, A Coruña.



► Abaixo á dereita, menhires do aliñamento de Carnac, Francia.

Tarefas para progresar

▼ Comprender a realidade histórica

24 Calcula o tempo que durou a Idade dos Metais.

.....

25 Escribe, por orde de aparición, o nome das tres técnicas metalúrxicas.


.....

.....

.....

▼ Obter información

26 Por que foron importantes estes dous inventos na Idade dos Metais?



.....

.....

.....

27 Escribe o nome deste monumento megalítico e di para que se usou:



.....

▼ Relacionar informacións

28 Indica o concepto ao que se refire cada unha destas frases:

a) Obxectos de adorno

b) É unha aliaxe

c) Mellorou a navegación

d) A súa función descoñécese

e) Enterramento colectivo

f) Grandes pedras

▼ Interpretar a linguaxe da imaxe

29 Con axuda da ilustración da páxina esquerda, describe o proceso de fabricación dunha peza de metal.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

▼ Organizar a información

30 Completa este cadro-resumo:

IDADE DOS METAIS	
Instrumentos fabricados	Outros inventos do período

31 Completa os espazos en branco.

O é unha gran pedra cravada verticalmente no chan. Ás veces, os dispuxéronse en fileiras, formando